



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA TRINTA DE XULLO DE DOUS MIL NOVE.

NÚM. 8/2009

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u>	
ALCALDE-PRESIDENTE D. José María García Rivera.	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do día trinta de xullo de 2009, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
CONCELLEIROS D ^a Ana A. Incera Ares. D ^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D. Xaime Cancio Rodríguez. D. Ángel Cao Pérez. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D ^a . María Xosefa Alonso Otero.	
<u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.	
SECRETARIA D. M ^a Carmen Seoane Bouzas.	

1. – APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 25-06-2009.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 28 de maio de 2009 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

Toma a palabra o portavoz do PP, quen manifesta que, en primeiro lugar quere felicitar ao equipo de Goberno polo traballo ben feito, en relación á edición do libro de fotos de Foz; sinala en relación á acta da sesión anterior que na tanda de rogos e preguntas o PP realizou un rogo en relación a unha persoa e non se recolle o nome e apelidos da mesma na acta.

A Secretaria explica que se recolleu así para salvagardar dereitos fundamentais da persoa, xa que non era procedente que, dado o tema do rogo, quedase o nome e apelidos nunha acta, que é pública.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Non producíndose máis intervencións, queda aprobada por unanimidade a acta da citada sesión, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- APERTURA NOVO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Seguimento do PXOM en sesión celebrada o 23 de xullo de 2009, sobre a apertura de novo trámite do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que literalmente sinala:

Primeiro.- Incorporar ao expediente do Plan Xeral de Ordenación Municipal o Informe de Sostibilidade Ambiental elaborado polo redactor Oficina de Planeamiento S.A.

Segundo.- Abrir un novo trámite de información pública e consultas do PXOM e o Informe de Sostibilidade Ambiental conxuntamente polo prazo de dous meses contados a partir do 1 de setembro de 2009, mediante anuncio no taboleiro de Edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e nos xornais El Progreso e A Voz de Galicia, quedando o expediente, durante dito período, a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

Terceiro.- Dar audiencia aos Municipios limítrofes, simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, así coma ás Administracións Públicas afectadas, conforme ao sinalado no Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Foz.

A continuación toma a palabra o Portavoz do PP, D. Ángel Cao, que pedindo que conste en acta, di que a proposta inicial era que se puidera contestar ás alegacións aos particulares, pero coma xa se informou xuridicamente que non pode ser, entón teñen que contestarse despois. Explica que o seu grupo propón que se espere a esa redacción dos técnicos que quedaron en mandar e despois se expoña ao público, polo que pide que o asunto quede sobre a mesa para o mes de setembro.

O Presidente contesta que se acordou que o redactor se quedaba coa documentación, se expoña ao público e despois se incorporaban as modificacións.

O portavoz do BNG, D. Xoán Carlos González, toma a palabra para manifestar que parece ser que os grupos de traballo entenderon outra cousa e pensaron que se quedara en ter outra nova reunión para que se lles pasara un informe polo redactor e despois se levara a exposición pública.

O Sr. Alcalde contesta que o redactor non sabe nada deso, así que o que se pode facer é manter o acordo e retirar o de setembro.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes o seguinte acordo:

Primeiro.- Incorporar ao expediente do Plan Xeral de Ordenación Municipal o Informe de Sostibilidade Ambiental elaborado polo redactor Oficina de Planeamiento S.A.

Segundo.- Abrir un novo trámite de información pública e consultas do PXOM e o Informe de Sostibilidade Ambiental conxuntamente polo prazo de dous meses, mediante anuncio no taboleiro de Edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e nos xornais El Progreso e A Voz de Galicia, quedando o expediente, durante dito período, a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

Terceiro.- Dar audiencia aos Municipios limítrofes, simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, así coma ás Administracións Públicas afectadas, conforme ao sinalado no



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Foz.

3.- CONTA XERAL EXERCICIO 2008.

Pola Secretaria da Corporación se da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda, de data 23 de xullo de 2009, en relación á Conta Xeral do Exercicio 2008.

Toma a palabra o portavoz do PP para manifestar que van ser coherentes coa postura que viñan mantendo na lexislatura de que non se está gastando con coherencia e non se está facendo unha boa recaudación dos ingresos. Recorda ao Pleno que o Sr. Alcalde cando entrou dixo que aos impagados lles ía facer pagar e se non se lles embargaría, e, segundo o informe de Intervención, hai débedas neste senso; e os veciños que pagan os impostos non se teñen por qué verse perxudicados polos que non pagan. Tamén no informe se recolle algo ao que o seu grupo xa fixo referencia nalgúns ocasións, que moitas das obras e inversións deberan saír a oferta pública, e nalgúns dos contratos menores consta nada máis que un orzamento, así aínda fai pouco o Sr. Alcalde trouxo o do aire acondicionado e se aprobou a factura e o lóxico era que houbese varios orzamentos para que se puidera comparar e escoller o máis económico. Prosegue dicindo que o informe do Interventor ven a certificar as críticas do PP sobre o gasto do Concello, e, dirixíndose ao Sr. Alcalde dille que se pasou nas partidas e outras veces ten que facer modificacións de crédito e que lle pase a un Alcalde con experiencia demostra que se fai intencionadamente. Conclúe a súa intervención dicindo que por todo iso o seu grupo vai votar en contra.

O Sr. Alcalde lle contesta que el, o Sr. Cao, estaba naquel goberno que deixou 30 millóns de pesetas fora de contabilidade, entre eles 12 millóns eran dun provedor eléctrico que traballaba para aquel goberno, aquelas facturas non collían en ningún lado e as tivo que pagar despois o PSOE. Lle pide ao portavoz do PP que cando se remita ao informe do Interventor diga o que recolle o Interventor, xa que o informe é favorable, que o diga tamén. Respecto ao manifestado polo portavoz do PP de que non se cobra en vía executiva, aclara que si se cobra en vía executiva, incluso as multas de tráfico, que antes non se cobraba; se cobra o que se pode, aínda que quizais falta algo na última parte do procedemento. O Sr. Alcalde continúa dicíndolle ao Sr. Cao que, respecto ao manifestado de que o equipo de goberno gasta mal, os gastos van dirixidos a levar auga e saneamento aos que non o teñen, centros sociais, campos de fútbol, etc., se gasta ben. Di que sempre se fala no Pleno do eléctrico, cando todos os grupos elixiron quen quería ser o adjudicatario, pero lle chama a atención, e pide que conste en acta, que viña unha factura do aire acondicionado e que se lle deu a dedo a unha persoa cun orzamento.

O portavoz do PP aclara que non dixo iso, se non que dixo que trouxera un presuposto dunha empresa.

O Sr. Alcalde di que iso era unha aproximación do custo do subministro e instalación e despois terá que ir o anuncio da licitación ao Boletín. Por último, manifesta que o Concello sempre remitiu a Conta Xeral ao Tribunal de Contas e nunca dixo nada; polo que non se explica por qué a van votar en contra.

O portavoz do BNG manifesta que, sen entrar en debates particulares, o que se vai facer dende o BNG será absterse, porque unha cousa é que a Conta Xeral chegue a fiscalizarse polo Tribunal de Contas e outra que se estea ou non de acordo coa xestión. Os datos que aparecen no informe de intervención non son os que o equipo de goberno quixera; o aforro neto é practicamente nulo, se está vivindo das subvencións doutras administracións e tamén son innegables os cerca de dous millón de euros de dereitos pendentes de cobrar.

O Sr. Alcalde lle pregunta ao Sr. González Basanta de qué ano son eses dereitos pendentes de cobro.

O portavoz do BNG di que non sabe, que seguramente moitos estarán prescritos e haberá que sacalos de aí. Prosegue dicindo que se está vivindo de rendas; o Concello estivo nunha



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

situación inmejorable despois do *boom* urbanístico dos anos 2005 e 2006, pero na actualidade se está a vivir de rendas; se está gastando máis do que se ten. O informe do Interventor o di claramente, a contención do gasto corrente realízase evitando acudir na medida do posible á contratación de servizos externos, así por exemplo se externaliza a contratación para pintar pasos de cebra, e eses gastos habería que intentar reducilos. Pide que se faga un estudo do que se gasta e do que se gasta mal. Anuncia que o BNG se vai abster porque se vota en contra traerá consecuencias negativas para o Concello.

O Sr. Alcalde lle replica ao portavoz do BNG que fala moi ben dende a oposición, pero outra cousa é gobernar; pide que cando se fale de datos que se dean os datos correctos, xa que o aforro neto de 2008 ascende ao 4,46%, non é moito pero é mais que o do 2007, foi positivo. Respecto á aprobación previa, recorda que se puxo en marcha ese documento previo de gasto que circula xa polas delegacións. Di que hai concellos que non poden pagar as nóminas e o Concello de Foz o fai con puntualidade. O Concello ten solvencia, hai máis de dous millóns de euros en stock por se acaso hai algunha continxencia. Se está a pagar a uns catro meses aos provedores, se leva sen pedir un crédito dende moito tempo. O plan enerxético hai que facelo, pero se están preparando primeiro as instalacións para despois facelo. Manifesta que hai unha cousa que é a que máis lle preocupa, e é que non se pode estirar o pé máis do que da a manta, do que está pendente tódolos días; hai que atender as cousas de urxencia. Continúa dicíndolle ao Sr. González Basanta que se estivese na oposición quizais tamén faría coma el, pero di o que consta nos papeis. Tamén hai que pagar aos profesores da escola de música, que crea un déficit duns 80.000 euros.

Toma a palabra o portavoz do PP, para recordarlle ao Sr. Alcalde que tamén o goberno do PP cando entrou tivo que pagar facturas do goberno socialista do que formaba parte o Sr. Alcalde; engade que non se pode comparar a situación económica actual coa de antes. Di que o informe do Interventor é favorable, pero lle fai unha pregunta, despois da advertencia que fai o Interventor de que o gasto fora máis regulado, en vez de dous toma catro. Manifesta que está de acordo coa aportación que fixo o BNG de que se externalizan moitos servizos. Lle di ao Presidente que xestiona mal os recursos propios do Concello, por exemplo o decreto dos servizos de poda; tamén se lle dixo moitas veces o do servizo de lixo, xa que é unha vergoña pasear polas rúas e ver a fauna urbana que hai. Conclúe que o PP está de acordo co que di o Interventor de cómo se debe gastar.

O Sr. Alcalde lle replica ao Sr. Cao que di que gasta mal, pero non di onde. O exemplo que pon da xardiñería é moi ilustrativo porque o Concello ten xardiñeiros, pero a xardiñería no Concello aumentou e teñen que ir dende Fondás ata Peizás, que hai todo un paseo marítimo, a área recreativa de Pampillosa e Río Ouro, o paseo de Polas e o de Cangas, e antes había cero, non dan feito os xardiñeiros para o volume de traballo. Respecto á recollida de lixo, está unha hora na rúa, se crearon dúas zonas de contedores subterráneos e vaise poñer outra. Conclúe dicíndolle ao portavoz do PP que as razóns que da son pobres.

Intervén a continuación o portavoz do BNG para dicir que, efectivamente, eles están para controlar a acción do goberno e para criticar. E lle replica ao Sr. Alcalde que cando se contesta non hai que contestar con medias verdades, xa que ás veces son dobres mentiras, xa que no relativo ao aforro neto o informe de intervención segue dicindo *"...Afondando nesta circunstancia, hai que ter en conta tamén que dentro dos cálculos anteriores non está recollida a chamada "débeda extraxudicial", é dicir as obrigas que non se puideron recoñecer por non existir crédito orzamentario nas bolsas de vinculación correspondentes ou que referíndose a obras, subministros ou servizos prestados ou realizados no exercicio 2008 tiveron recepción no Concello con carácter posterior ao 31 de decembro dese ano. Este importe cifrouse no informe á liquidación en 236.133,66 euros, de xeito que de ter sido aplicadas no exercicio 2008, as magnitudes anteriores empeorarían máis, pasando o resultado orzamentario a ser negativo e o aforro neto a achegarse a cero..."*.

O Sr. Alcalde di que segue sendo positivo.

O portavoz do BNG engade que o mesmo di do remanente, o Sr. Alcalde gastou en dous anos dese remanente practicamente a metade. Respecto ao aforro enerxético, pregunta se non sería mellor un informe e despois cambiar onde hai que cambiar. Recorda que varias farolas que había



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

nas casas baratas e na rúa que baixa para o colexio puxéronse unha si e outra non.

Lle contesta o Presidente dicíndolle que van todas novas.

O Sr. González Basanta insiste en que non.

O Sr. Alcalde lle di que entón as estarán poñendo.

O portavoz do BNG di que o procedemento de embargo, segundo o Sr. Alcalde, vai moi ben ata o último momento, así que entón falla todo. Lle di tamén que non debe lanzarse flores coma leva facendo estes días atrás.

O Sr. Alcalde lle replica que si soubera onde ten que mellorar o facía mañá mesmo. Se gastou ese diñeiro en rematar a piscina climatizada e o Concello tivo que poñer diñeiro porque a Xunta non a pagou. Por outra banda, os saneamentos que non había en ningún núcleo, hoxe están en todos. Se gasta no que necesitan os cidadáns; e nas casas baratas cambiáronse tódalas farolas porque realmente se necesitaban. Por último, di que o seu grupo vai aprobar a Conta Xeral porque é o mellor que puideron facer.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: 4 (PP).
- Abstencións: 3 (BNG).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2008 do Concello de Foz.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como ao Consello de Contas de Galicia.

4.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 2/2009.

Pola Secretaría da Corporación da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda, de data 23 de xullo de 2009, en relación ao expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2009.

Toma a palabra o portavoz do PP que manifesta que o seu grupo en relación ao asunto segue mantendo a mesma postura de abstención que no Pleno pasado.

O portavoz do BNG anuncia que o seu grupo vai manter o voto en contra porque entende que tiñan dúbidas sobre o posible control que puidera ter o equipo de goberno sobre a maioría das facturas, que son presentadas por CONFICA. Engade que tamén lle preguntaban se tiña o informe da empresa.

O Sr. Alcalde di que o ten alí, que o poden consultar.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: 4 (PP).
- Abstencións: 3 (BNG).



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 78.770,79 euros, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

As facturas a legalizar son as que se inclúen no listado anexo a esta proposta que comeza pola factura nº 114306 de PRODUCTOS QUÍMICOS REGENT ESPAÑA S.A. por importe de 1.066,97 euros e remata pola Nº 6539/08/34 de ISOLUX CORSAN SERVICIOS. por importe de 427,48 euros e totalizan 78.770,79 euros.

Segundo.- Aplicar, no momento da entrada en vigor da modificación de crédito 13/2009, con cargo ao Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2009, os créditos aprobados, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado no propio listado, nas que se realizará a correspondente retención.

5.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Pola Secretaria da Corporación da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda, de data 23 de xullo de 2009, en relación á modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Toma a palabra a Sra. Alonso que pregunta ao portavoz do BNG se segue con dúbidas.

Este responde que non, que xa están aclaradas.

O portavoz do PP di que o seu grupo votará a favor e se hai que revisalo xa se fará máis adiante.

O portavoz do BNG manifesta que eles votarán en contra porque están a favor da conxelación das taxas, e así hai concordancia con eso.

O Sr. Alcalde di que non se pode aprazar a subida porque a Xunta marca o prazo. Di que agora vai reprender ao Sr. González Basanta porque quere que decisións que non gustan aos cidadáns as asuman o PP e os PSOE e o BNG votar en contra.

Responde o portavoz do BNG que xa quedara claro que o incumprir o prazo da Xunta non tiña consecuencias.

O Sr. Alcalde contéstalle que a Administración ten que cumprir.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (PSOE e PP).
- Votos en contra: 3 (BNG).
- Abstencións: abstencións.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, no seu artigo 4:

Artigo 4º. Contía

A contía do servizo estará determinada por:

- a) *Con carácter xeral polo prezo por hora do servizo prestado que ascende a 8,00 euros/hora.*



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- b) *Capacidade económica das persoas usuarias do servizo tendo en conta o establecido no artigo 17 da Orde de 22 de xaneiro de 2009 reguladora do Servizo de Axuda no Fogar para a Comunidade Autónoma de Galicia.*

En función destas circunstancias, o prezo do punto a) anterior aplicarase de acordo coa seguinte escala conformada segundo os requisitos do artigo 18 da Orde de 22 de xaneiro de 2009 reguladora do Servizo de Axuda no Fogar para a Comunidade Autónoma de Galicia:

INGRESOS IPREM	COPAGO USUARIO
<i>Entre o 100% e o 150%</i>	10%
<i>Entre o 150% e o 200%</i>	15%
<i>Entre o 200% e o 300%</i>	20%
<i>Entre o 300% e o 350%</i>	30%
<i>Entre o 350% e o 400%</i>	40%
<i>Entre o 400% e o 500%</i>	60%
<i>Máis do 500%</i>	65%

Excepcionalmente en casos de desestruturación familiar e risco de exclusión social, de acordo coa valoración e proposta do traballador social mediante resolución motivada do órgano competente, poderase acordar a redución ou exención de pagamento.

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a nova redacción da Ordenanza Fiscal afectada, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partires do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

De conformidade co artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, se non se producen reclamacións contra este acordo, automaticamente considerarase definitivo e procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, xunto co texto da Ordenanza, non entrando en vigor ata que esta publicación teña lugar.

6.- DACIÓN DE CONTAS OPERACIÓN ENDEBEDAMENTO DE ACORDO CO RDL 5/2009 POR IMPORTE DE 78.205,27 €

Se da conta ao Pleno da adxudicación da operación de endebedamento efectuada por Resolución de Alcaldía de data 10 de xullo de 2009 ao Banco Santander Central Hispano S.A., conforme á delegación específica de competencias efectuada polo Pleno ao Alcalde en sesión de 25 de xuño de 2009.

7.- DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO E OS MOVEMENTOS DA TESOURERÍA.

Se da conta aos Srs. Concelleiros do estado de execución do orzamento e os movementos de tesourería ata o día da data.

8.- DACIÓN DE CONTAS CESIÓN TERREO CAMIÑO DE FOLGUEIRAS.

Polo Sr Alcalde, previa aceptación da urxencia por tódolos presentes, se da conta do documento de cesión dun terreo no Camiño de Folgueiras ao Concello de Foz por D. Carlos Couto Diéguez, con data 23 de xullo de 2009, quedando enterados os Sres. Concelleiros.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

9.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 20 DE XUÑO AO 27 DE XULLO DE 2009.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 20 de xuño ao 27 de xullo de 2009, quedando enterados os señores asistentes.

B.- MOCIÓNS.

O portavoz do BNG manifesta que vai presentar tres mocións por vía de urxencia:

A primeira moción, da que da lectura, sobre a televisión dixital, se transcribe literalmente:

"MOCIÓN SOBRE RECEPCIÓN DA TDT POR BOAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG de Foz ten feito públicamente xa unha denuncia dando conta de que numerosos veciños/as de Foz non poden ver a Televisión Dixital Terrestre (TDT) polo repetidor de Boal, en Asturias. En particular non se pode visionar o paquete de Televisión Española que comprende cinco canais: TV1, TV2, 24H, Clan e Teledeporte.

Se ben xa moitos veciños/as poden ver a TDT a través das novas instalacións de Cornería aínda hai moitas familias que teñen orientadas as antenas hacia Asturias para recoller a sinal polo repetidor de Boal, ben por comodidade ou ben porque teñen dificultades ao recibir por Cornería.

Parece ser que a falta de recepción destes canais remóntase a semana santa en que a empresa operadora quedou en resolver os problemas nun tempo estimable de dous meses pero ao día de hoxe-case 4 meses despois-aínda non os teñen resoltos.

Por todo o exposto, presentamos en pleno a seguinte moción para tomar o seguinte

ACORDO

1.-Que o Concello faga as xestións oportunas e se poña en contacto coa empresa operadora (Abertis Telecom) para reclamar unha solución rápida e que ningún veciño de Foz quede sen ver a TDT, independentemente de que se vexa por Boal ou por Cornería.

2.-Que o Concello se dirixa -en caso de que a avería persista- coa Consellería de Industria e co Ministerio de Industria para demandar a cobertura da TDT polo repetidor de Boal en igualdade de condicións que polo repetidor de Cornería".

A continuación se vota sobre a urxencia da moción, resultando aprobada por unanimidade.

O portavoz do BNG explica os puntos fundamentais da moción.

Toma a palabra o Sr. Cancio para dicir que fai pouco tempo que se trouxo ao Pleno unha moción do PP e cedeu retirala polas xestións que estaba facendo o equipo de goberno de remitir aos veciños unha carta para que indicaran os lugares de sombra, pero se está afrontando a situación perfectamente e insiste en que lle gustaría que non se tratara a moción e quedara fora da orde do día, ata que o equipo de goberno non remate as xestións.

O Sr. González Basanta lle contesta que cre que non están a falar da mesma cuestión de sombra. Di que xa saben que o grupo de goberno estaba facendo moitas xestións, pero ao seu grupo lle gustaría que se preocupasen especialmente por Boal.

Insiste o Sr. Cancio en que o problema da TDT é que se ve ben ou non se ve.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O portavoz do BNG lle pregunta por que se ven unhas e outras non.

Lle contesta o portavoz do PSOE que porque haberá un problema na cadea de televisión, non no TDT.

O portavoz do PP di que eles, como xa dixo o portavoz do PSOE, presentaran unha moción co mesmo fondo e o equipo de goberno dixo que fixera un estudio e que estaba traballando no tema, polo que se retirou, así que votarán en contra da moción porque entenden que é un asunto que xa está tratado.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que o tema é preocupante e para o ano o Concello se verá beneficiado cun proxecto do goberno estatal para novas tecnoloxías, de mais ou menos un millón e medio de euros.

O Sr. Cancio lle insiste ao portavoz do BNG que retire a moción e ao Pleno seguinte traerá un informe sobre a situación da TDT no Concello.

O portavoz do BNG di que entón a retira.

A segunda moción da que se da lectura polo BNG é a seguinte:

"MOCIÓN DE URXENCIA SOBRE LEGALIZACIÓN DOS PASOS ELEVADOS DO NOSO CONCELLO"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por Orde FOM/3053/2008, de 23 de setembro, (BOE núm. 261 Mércores 29 outubro 2008), o Ministerio de Fomento aprobou a Instrucción Técnica para a instalación de reductores de velocidade a bandas transversais de alerta en estradas da Rede de Estradas do Estado. O obxecto desta norma é o establecemento dos criterios básicos que deben ser considerados no proxecto e a execución e instalación de "reductores de velocidade" (RDV) e "bandas transversais de alerta" (BTA).

No Concello de Foz instaláronse os dous tipos dispositivos, aínda que na maioría dos casos os BTA foron substituídos por RDV. A maioría destes reductores de velocidade son do tipo de sección transversal trapezoidal (paso peonil sobreelevado), que cumpren a función de pasos peonís, situándose a súa rasante a un nivel lixeiramente superior ao do firme. A efectos legais sonlle de aplicación as disposicións vixentes relativas tanto a pasos de peóns como a reductores de velocidade.

É unha evidencia que os RDV instalados no noso Concello non cumpren coa maioría das instrucións técnicas especificadas na orde ministerial en canto ás súas dimensións, ao borde de entrada, á conexión coa beirarrúa en en canto á drenaxe.

Ao non adaptarse á lei pode traer consecuencias tanto en canto á seguridade viaria como en canto á responsabilidade subsidiaria do concello en caso de accidente ou denuncia.

Por todo o exposto, presentamos en pleno a seguinte moción para tomar o seguinte

ACORDO

Instar ao Grupo de Goberno que adapte á lexislación vixente os reductores de velocidade (pasos peonais sobreelevados) e as bandas transversais de alerta instalados no noso Concello nun tempo prudencial, non superior aos tres meses".



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde lle di que, iso non é unha moción, como xa se aclarou na Comisión Informativa e como queda claro nun informe ao respecto de secretaría, é un rogo e vaise manter firme.

O portavoz do BNG di que houbo uns cambios na moción respecto a presentada polo rexistro de entrada.

Lle contesta o Sr. Alcalde que o que pode facer é votar a urxencia, para que se debata o tema, pero non vai permitir que se trate coma unha moción cando realmente é un rogo e o que goberna cunhas competencias é el.

A continuación se vota sobre a urxencia da moción, resultando aprobada por unanimidade.

O portavoz do PP di que seu grupo está de acordo coa moción e se ten a ben aceptar a proposta dos grupos da oposición deberá modificalos.

O Sr. Alcalde di que eses pasos estaban antes da lei, polo que non existe a obriga de modificalos.

O portavoz do BNG di que hai que adaptalos porque existe perigo e se pasa algo o Concello vai ter que pagar.

O Sr. Alcalde di que atende ao rogo e xa se mirará cando se poda.

A terceira moción presentada polo BNG é a seguinte:

“MOCIÓN DE URXENCIA SOBRE CAMBIO DO SISTEMA DE RECOLLIDA DE LIXO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o artigo 14 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais todos os traballadores/as teñen dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo. O citado dereito supón a existencia dun correlativo deber do empresario de protección dos traballadores/as fronte aos riscos laborais. En cumprimento do deber de protección, deberase garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo e desenvolver unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva.

Este deber de protección constitúe, igualmente, un deber das Administracións Públicas respecto do persoal ao seu servizo.

O actual sistema de recollida de lixo implantado no Concello de Foz polo Grupo de Goberno non cumpre, desde o punto de vista preventivo, coa Lei de Prevención de Riscos Laborais nin co Real Decreto 487/1997, de 14 de abril, en canto que a primeira medida que debe tratar de implantar o empresario-neste caso, o Concello de Foz-, é evitar a manipulación manual das cargas, mediante a automatización dos procesos ou o uso de axudas mecánicas. É evidente que este sistema podería ser cambiado por outro que contemplase a automatización dos procesos ou o emprego de equipos mecánicos.

O artigo 6 do R.D. 487/1997 sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas que entrañe riscos, en particular dorsolumbares, para os traballadores, obriga ao empresario a garantir o dereito dos mesmos a unha vigilancia específica da saúde adecuada ao risco de exposición, neste caso a manipulación manual de cargas, contemplando os factores de risco derivados das características da carga, o esforzo físico necesario, as características do medio de traballo, as esixencias da actividade e os factores individuais de risco incluídos no anexo do mencionado Real Decreto.

A modo de indicación xeral, o peso máximo que se recomenda non exceder (en condicións ideais de manipulación) é de 25 kg. Así mesmo, se a poboación exposta son mulleres, traballadores novos ou maiores, ou se se quere protexer á maioría da poboación, non se deberían manexar cargas superiores a 15 kg.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Quizais o risco máis evidente e máis grave que conleva este sistema –tanto na repartición dos cubos como no servizo de recollida- ven dado por realizarse todo manualmente e subidos a unha plataforma remolcada por un vehículo sen as mínimas medidas de seguridade. En caso de freada brusca do camiión ou de choque, as consecuencias para os traballadores subidos ao remolque-sen ningunha medida de seguridade-poderían ser moi graves e incluso mortais.

Tampouco o sistema cumpre as especificacións en canto a equipos de traballo e as pezas de seguridade correspondentes que prevesen ou paliasen as consecuencias no caso de accidentes de traballo.

Así mesmo o actual sistema non cumpre coas normas establecidas no Código de Circulación en canto ao transporte de mercancías ou cousas nin por suposto coas medidas de seguridade respecto aos traballadores/as que van situados no remolque.

Por todo o exposto e dado as posibles responsabilidades civís-laboraís, administrativas e penais que se podan derivar destes feitos, o BNG presenta esta moción para tomar o seguinte

ACORDO

1º.-Instar ao Goberno Municipal a que o Concello de Foz cambie o sistema de recollida de lixo actual no casco urbano, por incumprimento da lexislación vixente referida á prevención de riscos laborais así como do Código de Circulación, por outro sistema máis automatizado nun tempo prudencial e se é posible antes dun mes desde a aprobación do presente acordo.

2º.-Instar ao Goberno Municipal a que o Concello de Foz cumpra e faga cumprir a Lei en canto a prevención de riscos laborais con respecto aos sesu traballadores/as así como todas as medidas necesarias para preservar a súa seguridade e hixiene”.

O Sr. Alcalde dille que tamén se trata dun rogo, pero que votará a urxencia para que se debata.

A continuación se vota sobre a urxencia da moción, resultando aprobada por unanimidade.

O portavoz do BNG explica os puntos fundamentais da moción, dicindo que está habendo unha falta total de seguridade e saúde no traballo porque os traballadores do servizo de lixo van subidos a un remolque sen ningún tipo de suxeición, se hai un frenazo ou un choque... O que se pide é que se cambie o actual sistema por un sistema máis automatizado, sobre todo que cumpra coa seguridade no traballo.

O Sr. Alcalde lle di que os traballadores saben que teñen que cumprir coas medidas de seguridade e ir dentro do camiión, pero iso non pasa só aquí, se non en calquera cidade, incluso en Madrid, Barcelona, Londres.

O portavoz do PP di que está de acordo co BNG e o primeiro que hai que facer é mirar pola seguridade dos traballadores, e si eles saben que teñen que ir na cabina e no o fan o Sr. Alcalde é o que lles ten que obrigar a que cumpran as medidas de seguridade e se algún día pasa unha desgraza o responsable vai ser o Alcalde, e debe velar por que se cumpran as medidas de seguridade.

O Sr Alcalde di que é unha cuestión do Alcalde e se intentará mellorar neso.

Manifesta que antes de pasar a rogos quere comunicar unha serie de cousas, dando lectura ao Pleno dun escrito do Ministerio de Fomento, de data 30 de xullo de 2009, e un escrito de Correos, de data 28 de xullo de 2009, relativos á contestación á moción do Concello de Foz sobre o servizo de Correos tratada no Pleno anterior.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

O portavoz do PP realiza os seguintes rogos:

1) Na zona da praia de Llás os pasamáns de madeira están deteriorados, pide que se amañen porque da unha sensación de seguridade que non é real.

O Sr. Alcalde lle di que iso é de Costas e alí non se pode agarrar ninguén porque é decorativo.

2) Na zona deportiva do colexio público Fondo Nois.

A Sra. Incera di que iso está pedido e está en trámite.

O portavoz do PP pregunta se tamén va a contratar a unha empresa externa.

O Sr. Alcalde di que non hai xente, que lle pregunte ao encargado municipal se a hai.

3) Respecto ás praias, pide que se cambien de vez en cando as sombrillas, tanto de Llás coma da Rapadoira, que están un pouco deterioradas.

Lle responde o Sr. Alcalde que iso é optimizar recursos. Nunca tan ben se falou das praias de Foz coma este ano.

4) No Camiño Real que sube dende Cabanas hai unha cuneta que non se repuxo e xera problema aos veciños.

O Sr. Alcalde lle di que alí non había cuneta, pero xa o miran.

Toma a palabra o portavoz do BNG que di quere facer unha puntualización respecto ao das cordas e sombrillas, a realidade é unha: as cordas están podres e os ferros tamén. A continuación realiza os seguintes rogos:

1) Na rúa de Báscula, en Marzán, corre perigo de que se derrumbe unha vivenda.

O Sr. Alcalde lle di que hai que declarar en ruína a esa casa.

2) Pide que se retire a maquinaria vella que hai na zona da piscina.

O Sr. Alcalde di que hai que consultar coa Mancomunidade.

O Sr. Cao di que estaba pendente de informe.

3) Pide que se miren as fincas que están sen limpar na rúa do Pilar.

O Sr. Alcalde lle pide que aclare cales son.

O portavoz do BNG lle di que non sabe.

4) Pide que se arranxen unhas baldosas que están soltas no Leitón.

PREGUNTAS:

O portavoz do PP realiza as seguintes preguntas:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1) ¿Qué pasa na praia da Pampillosa, que a auga sae excesivamente turbia? ¿Non se sabe por qué? Si non se sabe que se faga unha investigación sobre o tema.

Contesta o Sr. Cancio que hai un análise de control de augas e nun momento o análise non era correcto e se fixo un control do río e deu que o que baixaba non era o que tiña que baixar, pero se volveu a facer outro control e xa deu correctamente.

2) ¿ O Concello presentou algunha alegación ao corredor?

O Sr. Alcalde di que si, e procede a ler as alegacións.

O portavoz do BNG realiza as seguintes preguntas:

1) ¿Hai algo novo sobre a galescola e centro de día?

O Sr. Alcalde contesta que de momento non, que viño a Secretaria de Benestar. Lle di oa Sr González Basanta que foi pedir o PAC para comparecer no Parlamento, e tamén podía falalo antes, se está dando un espectáculo.

2) ¿Hai autorización para a ocupación de terreos no pavillón de Marzán?

O Sr. Alcalde responde que alí hai o centro de exames cedido a tráfico e se lles deixou as autoescolas estar alí e se falou con tráfico.

3) ¿Hai algunha resposta sobre a posibilidade de que a transcantábrica pare en Foz?

O Sr. Alcalde manifesta que o Presidente do FEVE dixo que alí hai un problema importante, que hai que trasladar en buses aos pasaxeiros e quedou de mirar iso.

O portavoz do BNG di que lle cede a palabra ao PP para que fale do PAC, agora que teñen tódalas competencias.

O Sr. Cao di que as ten o partido, non el. Explica que houbo unha primeira reunión con Balseiro, a Presidenta do SERGAS e o representante da Consellería.

O Sr. Alcalde lle di que iso non chega.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22:55 horas do día 30 de xullo de 2009, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.